

Bibliografía IX

Felipe Arias Vilas

Pesía a que non son demasiado numerosas nin, na súa maior parte, excesivamente substanciais, continuamos a publicación desta serie de aportacións bibliográficas, aparecidas en CROA desde o seu número 1 de 1991 coa pretensión de ter actualizada a información sobre o Castro e o Museo de Viladonga. Seguen aparecendo referencias e mencións (de extensión, fondura e utilidade moi diferente) sobre este conxunto e os seus máis variados aspectos en obras e traballos moi diversos en finalidade, obxectivo, método e resultado -incluíndose agora os relativos á presenza de Viladonga na rede Internet e, por suposto, os aparecidos en números anteriores deste mesmo Boletín-. Coma noutras ocasións, advertirase que se citan títulos xa publicados hai algúns anos pero que, por diversas causas -incluído o noso propio fallo ó non recollelos en tempo - non foron rexistrados no seu día nesta serie bibliográfica. En calquera caso, todas estas aportacións axudan a ir perfilando e aquilatando cada vez mellor a enorme cantidade e variedade de datos que este conxunto ofrece, non só para investigadores e eruditos, senón tamén e dun xeito especial, para o público común e maioritario, para a sociedade en xeral, posto que é esta, ó cabo, a que sustenta e ampara esta empresa de protección patrimonial e de difusión cultural.

* E.J. COSTAS GOBERNA / J.M. HIDALGO CUÑARRO: Los juegos de tablero en Galicia. Aproximación a los juegos sobre tableros de piedra, de la Antigüedad clásica al Medioevo, (Asociación Arqueológica Vigesca), Vigo 1997, p.25, 27 e pas-

sim.- Resulta imperdonable que no seu día non recollésemos esta aportación que, ademais de citárense a miúdo os exemplos de Viladonga, serve para ilustrar distintos aspectos relacionados coas tabulae latrunculatae deste Castro, xa que ademais teñen certo protagonismo visual na obra ó apareceren na súa portada.

* Santiago CARRETERO VAQUERO: “El ludus latruncularum, un juego de estrategia practicado por los equites del Ala II Flavia”, Boletín del Seminario de Arte y Arqueología de Valladolid, LXIV, 1998, p.117-140.- Os citados taboleiros de xogo sobre pedra de pizarra cítanse neste traballo de conxunto, moi útil con carácter xeral e, de por parte, para o caso de Viladonga. (citado sempre como “Villadonga” polo autor, e asociando este sitio ós castros das grandes minas auríferas do N.O., o que precisaría dalgunhas matizacións.

* Enciclopedia Galega Universal, (Ed. Ir Indo), Vigo.- Publicada en tomos sucesivos desde 1998, nas entradas correspondentes ás palabras ‘Arqueoloxía’ e ‘Castro’ contéñense referencias escritas (moi breves) e de ilustracións do Museo e do Castro de Viladonga, pero é máis interesante a aparición de CROA, como publicación periódica da Asociación de Amigos, dando noticia sobre contidos, autores, etc.

* VV.AA.: Historia da Arte Galega, (Ed. A Nosa Terra), Vigo (desde 1999), en especial fascículos 9, 10 e 23.- Esta colección contempla moi diversos aspectos da cultura material castrexa e romana de Galicia e, xa que logo, o Castro de Vila-

donga e algúns dos seus materiais aparecen por dereito propio citados e reproducidos, anque non sempre de xeito cabal e oportuno. Con todo, é interesante destacar, por exemplo, a referencia de Raquel Casal (no fascículo 23, Xoiería e adorno persoal) ós aneis e a outras pezas de adobío e vestiario deste xacemento.

* Felipe ARIAS VILAS: “Os últimos traballos arqueolóxicos no Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo): 1988-1998”, Brigantium, 12, 2001 (Actas das Xornadas ‘A Arqueoloxía galega hoxe’: de 1988 a 1998), p.187-198.- Logo de diversos avatares e imponderables, ven a luz estas Actas nas que se inclúe unha colaboración presentada na Coruña en 1998. Coma reza o seu título, nela trátase de resumir, con linguaxe científico pero accesible, os traballos arqueolóxicos realizados no Castro nunha década, os últimos ata agora e que, loxicamente, agardamos non sexan os derradeiros. Resulta unha aportación de certa utilidade tendo en conta que a publicación “oficial” dos informes arqueolóxicos de Galicia quedaron estancados en 1991.

* Hispania Epigraphica, 7, 1997, (Universidad Complutense), Madrid 2001, p.152-153.- Unha nota de J.C. (Jaime Curbera) fai unha corrección á lectura da inscrición presente no ponderal de bronce publicado á súa vez en F. Arias Vilas: “Materiales del Mediterráneo oriental en el Castro de Viladonga (Lugo)” (recensionado en Croa 6, 1996). Evidentemente, a lectura “trexis” é unha errata, por “treis”, segundo se deduce do comentario que a

acompañá. Tamén recolle outras marcas ou letras gregas publicadas deste xacemento, así como o grafito Nantivs (cfr. igualmente en Croa 6).

* César LLANA / Elena VARELA: “Las primeras excavaciones arqueológicas en el Castro de Viladonga treinta años después”, Croa, 11, 2001, p.11-24.- Seguindo a teima de mergullarse na exigua documentación das primeiras escavacións de Viladonga, os autores acometen nesta ocasión o estudio dun singular conxunto de construcións (e o seu material asociado) na parte N.O. do xacemento. A análise demorada dos datos antigos e recentes dalles pé para propoñer, como hipótese de traballo, a idea dunha organización espacial regularizada no hábitat interior do Castro.

* Filomena DORREGO MARTÍNEZ / Ana M^a RUBIERO DA PENA: “Apuntes acerca das asas na cerámica castrexa de Viladonga”, Croa, 11, 2001, p.25-30.- Nesta breve pero interesante aportación pode comprobarse a relativa variedade dos tipos de asas existentes na cerámica de tradición castrexa aparecidos en Viladonga, e ademais, permite confrontalos cos doutros xacementos do Noroeste, o que resulta de grande utilidade e supón un paso máis na comprensión das

múltiples facetas da cultura material deste Castro lucense.

* Manuel LAGE PILLADO: “Fíbulas anulares romanas del Castro de Viladonga”, Croa, 11, 2001, p.31-36.- Este artigo forma parte dun estudio máis amplo (feito para o terceiro ciclo universitario e que está previsto publicar de xeito íntegro en breve prazo), sobre o enorme número e variedade de fíbulas e fibelas aparecidas en Viladonga ata 1996. O autor céntrase aquí en analizar e describir polo miúdo as fíbulas denominadas “en omega”, de clara adscripción cronolóxico-cultural romana.

* Joaquín AURRECOECHEA FERNÁNDEZ: Los cinturones romanos en la Hispania del Bajo Imperio, (Monographies Instrumentum 19), Montagnac 2001, p. 41 e 95, mapas e bibliografía.- Se incluímos aquí esta referencia, dun autor que é un verdadeiro especialista na materia, é pola súa importante significación arqueolóxico-histórica, é dicir, porque aparecen neste repertorio, muy completo, documentado e razonado, pezas de Viladonga como a placa calada de bronce nº A70-172 (publicada por Arias e Durán en Croa 7, 1997), que se contextualizan así claramente nun ámbito tardío (s. IV d.C.) e con filiacións no ámbito militar ou “paramilitar” ligado ós pobos xermánicos do Baixo Imperio.

* Alessandro CRISTOFORI / Pilar RIVERO: “Internet y el estudio de la Península Ibérica en la Antigüedad”, Actas 3º Congreso de Arqueología Peninsular (Porto 2000), Vol. IX (Porto 2002), p. 489-499; e VV.AA.: Recursos sobre Arqueología en Internet, (CSIC - CINDOC), Madrid 2001, p.154 (Museo) e 189-190 (e-Castrexo).- Comentarios breves, e favorables dentro dun ton aséptico xeral, sobre a publicación electrónica e-Castrexo (e no primeiro caso sobre algúns dos seus artigos, p. 490-491) e sobre o propio Castro de Viladonga e o seu sitio web, algo cada vez máis frecuente e que contribúe á difusión deste conxunto patrimonial, anque na obra citada en último lugar, Viladonga non se recolle nin entre os xacementos arqueolóxicos con web nin entre as Asociacións dedicadas a esta temática.

* José Ramón ÓNEGA LÓPEZ: Pol, país de colinas, (Deputación provincial Lugo), Lugo 2002, p. 34 s. e 134.- Este útil libro, de finalidade divulgativa e ben documentado, contén mencións ó Castro de Viladonga, relacionándoo acertadamente cos restos arqueolóxicos coñecidos (e algúns xa perdidos) de época castrexa e galaico-romana, nomeadamente na zona de Doncide, Andión e outros lugares das parroquias de Silva e Arcos.



Publicado en versión electrónica en:

<http://www.aaviladonga.es/e-castrexo/es/bviladonga.htm> · <http://www.aaviladonga.es/e-castrexo/ga/bviladonga.htm>